

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032391	Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0790	Técnicas de educación ambiental	2024/2025	4	107	128

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CARMEN EIRAS DORADO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A normativa que regula as competencias a acadar neste módulo está contemplada no Decreto 170/2012, do 12 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural.

Este decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural, determinado polo Real decreto 260/2011, do 28 de febreiro.

Esta programación vai dirixida a alumnos matriculados no Ciclo formativo de "Xestión forestal e do medio natural", que provén principalmente do ámbito rural e unha pequena porcentaxe do ámbito urbano. Na sociedade actual incrementouse de xeito importante a preocupación polos problemas relativos á conservación do patrimonio natural e da biodiversidade. Entre estes aspectos destacan a globalización dos problemas ambientais, os efectos do cambio climático, a presión sobre os recursos naturais e o seu esgotamento, a desaparición de especies de flora e fauna silvestre, e a degradación de espazos naturais de interese. Deste xeito consideramos que a Educación Ambiental é unha ferramenta básica para a conservación, o uso sustentable, a mellora e a restauración do patrimonio natural e da biodiversidade. Actualmente a preocupación polos problemas ambientais fai que as administración apoiem iniciativas dirixidas á educación ambiental como recurso para concienciar a poboación. Deste xeito, xorden pequenas empresas en zonas rurais que posibilitan a contratación de persoas do contorno. Ademais cada vez é maior a demanda de tempos de lecer en contacto co patrimonio natural e cultural, tempo libre e turismo activo, que precisa persoal cualificado que coñeza e interprete o medio.

As persoas con esta titulación exercen a súa actividade na área de xestión de grandes, medianas e pequenas empresas, públicas ou privadas, tanto por conta allea como por conta propia, dedicadas á xestión forestal, á cinxético-piscícola, á de viveiros forestais, ao desenvolvemento de programas de educación ambiental, á información, comunicación, formación, interpretación e actividades de acompañamento e guía no medio socio-natural, e ao control e a vixilancia do medio natural e os seus recursos. Tamén exercen a súa actividade nos servizos de extinción de incendios forestais dependendo das administracións públicas. Así mesmo, teñen capacitación para organizar, controlar e realizar tratamentos praguicidas segundo a actividade regulada pola normativa. O perfil profesional do título de técnico superior en "Xestión forestal e do medio natural" determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de riscos laborais de cualificacións profesionais incluídas no título.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais seguintes:

- l) Supervisar as actuacións, con interpretación da lexislación, para controlar e protexer o medio natural.
- m) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe relacionadas coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector e as tecnoloxías da información e a comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- n) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- ñ) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas e integrando saberes de distinto ámbito, e aceptar os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver problemas ou continxencias.
- o) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- p) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

- q) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e propor e aplicar medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos do traballo, para garantir ámbitos seguros.
- r) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.
- s) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realicen no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade, e ser capaces de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Características da educación ambiental	Nesta unidade didáctica faise unha introducción á EA, un movemento vital e transformador cuxo principal obxectivo é propiciar un cambio nos valores e formas de vida da nosa sociedade. Trataremos de indagar na orixe cultural dos problemas ambientais, así como nos principios e obxectivos da EA. No perfil profesional do educador ambiental, e nos instrumentos e marcos de intervención en EA.	21	15
2	Compilación de documentación ambiental	Nesta unidade didáctica buscaremos as claves para realizar un proceso axeitado de comunicación tratando de dar pautas para que esa comunicación sexa o máis eficaz posible. Tamén trataremos de coñecer as bases para buscar información veraz e útil a través de internet e como manexar esa información, arquivala e actualizala mediante sistemas informáticos.	22	15
3	Elaboración de recursos e materiais de difusión ambiental	Dentro da educación ambiental é fundamental a difusión da información e para iso deberemos coñecer sistemas para a difusión desa información (carteis, posters, dípticos, fotografías, vídeos, murais, páxinas web)	30	25
4	Metodoloxía e instrumentos de difusión da información ambiental	Con esta unidade didáctica buscamos coñecer: Os procesos de comunicación, da elaboración das mensaxes e forma de comunicalas analizando o proceso comunicativo en direrentes perspectivas (a través da comunicación oral, escrita e a través das tics.	30	25
5	Caracterización dos procedimentos de Interpretación ambiental	Esta unidade didáctica intentará darnos unha idea de: Qué é a interpretación do patrimonio e os obxectivos e fins que persegue. Coñecer cales son os tres pilares básicos: recurso, audiencia e técnicas interpretativas. Determinar as características que debe ter un intérprete para realizar a súa tarefa e conseguir os obxectivos. Determinar pautas que nos leven a un proceso adecuado de comunicación tanto oral como escrita, buscando a maior eficacia na comunicación. Pautas para elaborar un documento de referencia tendo en conta as pautas interpetativas buscando coherencia e eficacia e sobre todo protexer o recurso, analizando as necesidades e oportunidades interpretativas. Coñecer os medios interpetativos para acercar a mensaxe a audiencia facendo unha avaliación efectiva para poder mellorar o noso traballo.	25	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Características da educación ambiental	21

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza as técnicas de educación ambiental, tendo en conta a relación entre a súa aplicación e a adquisición de valores.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os compoñentes básicos que caracterizan á educación ambiental.
CA1.2 Enunciáronse os principios e os obxectivos da educación ambiental.
CA1.3 Descríbense os perfís básicos dunha persoa educadora ambiental.
CA1.4 Descríbense as estratexias da educación ambiental en España.
CA1.5 Desenvolvéronse os instrumentos de intervención en educación ambiental.
CA1.6 Relaciónáronse os marcos de intervención da educación ambiental coas actividades formuladas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Principios básicos de educación ambiental: conceptos e definicións. Fins e obxectivos da educación ambiental. Orixe e historia da educación ambiental no mundo.
Perfil profesional da persoa educadora ambiental.
A educación ambiental en España: o libro branco e as estratexias autonómicas e locais.
Instrumentos de intervención en educación ambiental: información e comunicación. Formación e capacitación. Participación. Investigación e avaliación.
Marcos de intervención da educación ambiental: comunidade xeral, asociacións e cidadanía; Administración; empresas; sistema educativo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Compilación de documentación ambiental	22

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza as técnicas de educación ambiental, tendo en conta a relación entre a súa aplicación e a adquisición de valores.	NO
RA2 - Compila documentación ambiental, para o que selecciona os recursos e os soportes da información.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Relacionáronse os marcos de intervención da educación ambiental coas actividades formuladas.
CA2.1 Identifícaronse as fontes de información necesarias para elaborar un fondo de documentación ambiental que responda ás necesidades formuladas.
CA2.2 Aplicáronse as técnicas de compilación de información ambiental.
CA2.3 Utilizáronse os soportes técnicos e informáticos máis axeitados para a xestión e o tratamento da información.
CA2.4 Clasifícaronse en soporte impreso e informático os tipo de documentos relativos á información ambiental.
CA2.5 Seleccionouse a documentación e os datos relativos á información ambiental buscada.
CA2.6 Realizouse a valoración das existencias e os documentos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Marcos de intervención da educación ambiental: comunidade xeral, asociacións e cidadanía; Administración; empresas; sistema educativo.
Centros de recursos de información e documentación ambiental.

Contidos
Bases de datos de recursos e fondos documentais: monografías, revistas e materiais audiovisuais. Redes españolas e europeas de información ambiental: EIONET.
Formatos da información ambiental en internet: procura de información ambiental. Internet e desenvolvemento sustentable. Directorios e portais virtuais con contido ambiental.
Técnicas de compilación, sistematización, arquivo e actualización da información ambiental.
Ferramentas informáticas aplicadas ao manexo de documentación.
Técnicas de análise da información: criterios e estratexias no tratamento da información.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración de recursos e materiais de difusión ambiental	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza as técnicas de educación ambiental, tendo en conta a relación entre a súa aplicación e a adquisición de valores.	NO
RA3 - Elabora recursos e materiais para a información e a difusión ambiental, para o que analiza os fins perseguidos e as características do grupo ao que se dirixa.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Relacionáronse os marcos de intervención da educación ambiental coas actividades formuladas.
CA3.1 Descríbense os principais materiais e recursos necesarios para a información ambiental.
CA3.2 Relacionáronse os recursos e os materiais cos fins perseguidos.
CA3.3 Déuselles prioridade aos elementos necesarios para realizar a difusión da información ambiental.
CA3.4 Déuselles prioridade aos medios de elaboración e soportes de difusión da información ambiental máis acaídos e máis actuais.

Criterios de avaliación
CA3.5 Clasifícase o material necesario para a elaboración de recursos.
CA3.6 Elaboráronse materiais de diversos tipos: folletos, carteis, paneis audiovisuais, etc.
CA3.7 Utilizáronse ferramentas informáticas na elaboración de materiais.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Marcos de intervención da educación ambiental: comunidade xeral, asociacións e cidadanía; Administración; empresas; sistema educativo.</p> <p>Materiais didáctico-divulgativos.</p> <p>Medios impresos (folletos, esquemas, láminas, manuais, etc.), visuais fixos proxectados e non proxectables (paneis informativos, carteis, fotografías, murais, etc.), auditivos e audiovisuais.</p> <p>Elaboración de materiais de información ambiental: características; deseño conceptual da mensaxe e deseño artístico.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Metodoloxía e instrumentos de difusión da información ambiental	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Compila documentación ambiental, para o que selecciona os recursos e os soportes da información.	NO
RA3 - Elabora recursos e materiais para a información e a difusión ambiental, para o que analiza os fins perseguidos e as características do grupo ao que se dirixa.	NO
RA4 - Informa sobre o ambiente e promove a utilización dos recursos naturais de xeito sustentable, para o que selecciona as técnicas e os materiais axeitados.	SI
RA5 - Caracteriza os procedementos de interpretación ambiental utilizando os recursos e as infraestruturas do ámbito do lugar visitado.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Realizouse a valoración das existencias e os documentos.
CA3.7 Utilizáronse ferramentas informáticas na elaboración de materiais.
CA4.1 Caracterizáronse os marcos de acción da información ambiental.
CA4.2 Descríbironse as técnicas de difusión da información ambiental.
CA4.3 Seleccionáronse os medios necesarios para realizar a difusión da información.
CA4.4 Déuselles prioridade aos contextos de actuación para a difusión da información ambiental seleccionada.
CA4.5 Compilouse e estruturouse a información que se vaia transmitir.
CA4.6 Utilizáronse os medios de difusión adaptados ás características do grupo ao que se dirixa.
CA4.7 Utilizouse unha linguaxe de comunicación clara e adaptada ás características do grupo.
CA5.10 Aplicáronse parámetros para avaliar o grao de satisfacción dos visitantes.

4.4.e) Contidos

Contidos
Técnicas de análise da información: criterios e estratexias no tratamento da información.
Elaboración de materiais de información ambiental: características; deseño conceptual da mensaxe e deseño artístico.
Concepto de información e comunicación.
Recursos didácticos para a difusión da información.
Recursos expresivos para a comunicación: desenvolvemento expresivo e comunicativo. Técnicas de expresión oral, escrita e plástica. Obradoiros de expresión nos proxectos de traballo. Organización dos recursos para a expresión e a comunicación. Campañas de sensibilización.
Participación: modelos de participación cidadá. Proceso de toma de decisións en actuacións dos problemas ambientais.

Contidos
Utilización e valoración das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso para a difusión ambiental.
Difusión da información ambiental a través da web. Futuro da comunicación ambiental en internet
Equipos de interpretación ambiental. Centros de interpretación na natureza e no medio urbano. Centros de visitantes. Aulas da natureza e xardíns botánicos. Centros de recursos ambientais, hortos escolares e granxas escola.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Caracterización dos procedementos de Interpretación ambiental	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora recursos e materiais para a información e a difusión ambiental, para o que analiza os fins perseguidos e as características do grupo ao que se dirixa.	NO
RA4 - Informa sobre o ambiente e promove a utilización dos recursos naturais de xeito sustentable, para o que selecciona as técnicas e os materiais axeitados.	NO
RA5 - Caracteriza os procedementos de interpretación ambiental utilizando os recursos e as infraestruturas do ámbito do lugar visitado.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.7 Utilizáronse ferramentas informáticas na elaboración de materiais.
CA4.6 Utilizáronse os medios de difusión adaptados ás características do grupo ao que se dirixa.
CA4.7 Utilizouse unha linguaxe de comunicación clara e adaptada ás características do grupo.
CA5.1 Definiuse a interpretación ambiental como recurso de información.
CA5.2 Relaciónáronse os sistemas de interpretación co tipo de recurso que cumpra explicar ou sobre o que se vaia intervir.
CA5.3 Relaciónáronse os recursos e as infraestruturas do lugar visitado coas actividades formuladas.

Criterios de avaliación
CA5.4 Desenvolvéronse actividades para a interpretación.
CA5.5 Descríbóronse os espazos dun centro de interpretación ambiental en relación aos seus contidos.
CA5.6 Estableceuse correctamente a secuencia das fases dunha planificación interpretativa.
CA5.7 Planificáronse os recursos humanos para atender a organización deseñada.
CA5.8 Descríbóronse xeitos de levar a cabo unha interpretación de recursos.
CA5.9 Aplicáronse métodos de control do desenvolvemento das actividades formuladas.
CA5.10 Aplicáronse parámetros para avaliar o grao de satisfacción dos visitantes.

4.5.e) Contidos

Contidos
Elaboración de materiais de información ambiental: características; deseño conceptual da mensaxe e deseño artístico.
Utilización e valoración das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso para a difusión ambiental.
Difusión da información ambiental a través da web. Futuro da comunicación ambiental en internet
Concepto de interpretación como ferramenta de educación ambiental no medio visitado.
Características da interpretación ambiental.
Tipos de interpretación: autoguiada e persoal ou guiada.
Deseño de programas e de exhibicións interpretativas: análise do contorno; obxectivos; selección e preparación de medios.
Actividades e materiais de interpretación ambiental: obxectivos, planificación, posta en práctica do programa e avaliación.
Medios interpretativos: publicacións, itinerarios, exposicións e simulacións. Dispositivos audiovisuais, equipamentos especiais e observatorios.
Itinerarios de interpretación: urbana e rural.
Posibilidades do contorno: análise, valor e puntos de interese relacionados co medio físico, coa vexetación e a fauna, e co interese histórico e cultural. Intervención humana.

Contidos

Equipos de interpretación ambiental. Centros de interpretación na natureza e no medio urbano. Centros de visitantes. Aulas da natureza e xardíns botánicos. Centros de recursos ambientais, hortos escolares e granxas escola.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva.

RA1. Caracteriza as técnicas de educación ambiental, tendo en conta a relación entre a súa aplicación e a adquisición de valores.

CA1.1. Defíníronse os compoñentes básicos que caracterizan á educación ambiental.

CA1.2. Enunciáronse os principios e os obxectivos da educación ambiental.

CA1.3. Descríbíronse os perfís básicos dunha persoa educadora ambiental.

CA1.4. Descríbíronse as estratexias da educación ambiental en España.

RA2. Compila documentación ambiental, para o que selecciona os recursos e os soportes da información.

CA2.1. Identifícanse as fontes de información necesarias para elaborar un fondo de documentación ambiental que responda ás necesidades formuladas.

CA2.3. Utilizáronse os soportes técnicos e informáticos máis axeitados para a xestión e o tratamento da información.

CA2.4. Clasifícanse en soporte impreso e informático os tipo de documentos relativos á información ambiental.

CA2.6. Realizouse a valoración das existencias e os documentos.

RA3. Elabora recursos e materiais para a información e a difusión ambiental, para o que analiza os fins perseguidos e as características do grupo ao que se dirixa.

CA3.1. Descríbíronse os principais materiais e recursos necesarios para a información ambiental.

CA3.2. Relacionáronse os recursos e os materiais cos fins perseguidos.

CA3.5. Clasificouse o material necesario para a elaboración de recursos.

CA3.6. Elaboráronse materiais de diversos tipos: folletos, carteis, paneis audiovisuais, etc.

RA4. Informa sobre o ambiente e promove a utilización dos recursos naturais de xeito sustentable, para o que selecciona as técnicas e os materiais axeitados.

CA4.2. Descríbíronse as técnicas de difusión da información ambiental.

CA4.3. Seleccionáronse os medios necesarios para realizar a difusión da información.

CA4.5. Compilouse e estruturouse a información que se vaia transmitir.

RA5. Caracteriza os procedementos de interpretación ambiental utilizando os recursos e as infraestruturas do ámbito do lugar visitado.

CA5.1. Definiuse a interpretación ambiental como recurso de información.

CA5.2. Relacionáronse os sistemas de interpretación co tipo de recurso que cumpra explicar ou sobre o que se vaia intervir.

CA5.4. Desenvolvéronse actividades para a interpretación.

CA5.6. Estableceuse correctamente a secuencia das fases dunha planificación interpretativa.

CA5.8. Describíronse xeitos de levar a cabo unha interpretación de recursos.

CA5.9. Aplicáronse métodos de control do desenvolvemento das actividades formuladas.

CA5.10. Aplicáronse parámetros para avaliar o grao de satisfacción dos visitantes.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase a aprendizaxe dos alumnos/as, o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente.

Os tipos de avaliación que se realizarán son: Inicial de coñecementos previos, continua e final de módulo, co fin de obter unha información e valoración que permita tomar decisións de cara ó futuro acerca do funcionamento de todo o proceso.

5.2 Criterios de cualificación.

5.2.1 Cualificación parcial:

A cualificación parcial de cada avaliación trimestral determinarase tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

- 3 puntos: actividades de aula e supostos prácticos. Deberá acadar o aprobado (1,5 puntos) nas tarefas e supostos prácticos.

- 1 punto: actitude e participación na aula.

- 6 puntos: probas obxectivas (escritas). Deberá acadar o aprobado (3 puntos) para superar os mínimos esixibles.

No suposto caso de que non acade nas actividades de aula e nas probas obxectivas a puntuación mínima de cinco (5), deberá recuperar a parte non superada.

A avaliación parcial farase trimestral e das unidades impartidas.

En cada avaliación parcial é necesario superar os CA mínimos das unidades didácticas desenvolvidas nese periodo.

Criterios dos instrumentos de avaliación

- Listas de cotexo: De 0 a 10 puntos nunha escala (si/non) sobre 10 ítems.
- Probas obxetivas: De 0 a 10 puntos. O valor de cada pregunta e nº delas se indicara en cada proba.
- Rexistros anecdóticos: De 0 a 10 puntos segundo puntuación de 5 ítems. Un rexistro por UD.
- Cada práctica será avaliada por unha lista de cotexo. A nota será de 0 a 10.
- Cada proba obxectiva escrita constará de varias preguntas. En cada proba se indicará o valor de cada pregunta sendo a nota de 0 a 10 puntos.

No caso de non acadar unha puntuación de 5 en calquera instrumento de avaliación, será preciso facer unha proba de recuperación ao final de curso.

A nota (informativa) da primeira e segunda avaliación será a media ponderada das porcentaxes das unidades avaliadas ata ese momento. A nota da terceira avaliación será a correspondente ás porcentaxes indicadas para cada UD nesta programación. En todo caso, de non acadar unha nota mínima de 5 puntos nalguna unidade didáctica ou non superar algún criterio mínimo, a nota máxima será de 4 (catro) nesa avaliación.

MINIMOS ESIXIBLES

Para acadar a avaliación positiva deberase obter unha puntuación de 5 puntos en cada unha das unidades didácticas. En caso contrario, a nota máxima será de 4 (catro).

Antes de cada unha das prácticas e probas indicárase ao alumno cáles son os mínimos esixibles.

No caso de non superar todos os criterios mínimos dunha proba, a nota desa avaliación será de 4 ou, se a media fose inferior, sería a nota media.

Mentras non se superen todos os mínimos dos instrumentos de avaliación, o módulo se considera suspenso, xa que se considera que faltan por acadar aspectos fundamentais na consecución dos resultados de aprendizaxe.

No caso de atopar copiando nun instrumento de avaliación, invalidarase a proba, sendo preciso realizar unha recuperación a final de curso.

Ao remate do curso os alumnos terán opción a presentarse a unha proba extraordinaria para recuperar aquelas partes que non superaran nas probas parciais realizadas ao longo do curso.

Criterio de cualificación final: media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais igual ou superior a 5.

5.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Avaliarase a aprendizaxe dos alumnos/as, o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente.

Os tipos de avaliación que se realizaran son: inicial de coñecementos previos, trimestral e final de módulo co fin de obter unha información e valoración que permita tomar decisións de cara a poñer a calificación final.

En canto ás técnicas ou instrumentos empregados para a avaliación, recurrirase a observación sistemática a través de:

- Probas convencionais escritas.
- Probas obxectivas.
- Resolución de supostos prácticos.
- Probas prácticas.
- Participación e colaboración dentro das actividades de grupo.
- Observación directa na aula e no campo.
- Elaboración e exposición de traballos.
- Elaboración, presentación e entrega de cuestionarios de preguntas.
- Expresión oral e escrita.
- Respecto polas persoas, compañeiros, materiais e polo medioambiente.
- Orde, rigor e seguridade e hixiene no traballo.
- Iniciativa e autonomía na execución de tarefas.
- Manexo e interpretación da documentación técnica.
- Colaboración cos compañeiros do grupo.
- Puntualidade e asistencia a clase.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

a.- Actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado:

Para o alumnado que non supere o módulo na terceira avaliación parcial, realizarase un informe individualizado, expresado en termos de capacidades terminais elementais non superadas e fixarase un plan de recuperación individual, marcando un calendario polo equipo docente para realizar as actividades de recuperación.

As actividades de Identificar, Describir, Relacionar, Analizar ou Comprobar poden ser realizados de forma máis ou menos autónoma polo alumnado no período de recuperación baixo unhas pequenas directrices e unha lixeira supervisión do profesor, manexando a bibliografía ou os medios dos que dispón o Centro.

b.- Reforzos para lograr a recuperación:

Realizaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe.

Unha vez feita a avaliación de aspectos concretos do módulo tomaranse medidas correctoras para lograr que aqueles alumnos/as que de acordo coa avaliación, presentan carencias con respecto a certos obxectivos. Estas correccións materialízanse en actividades de reforzo consistentes en repetir a proba escrita e correxir ou repetir as probas prácticas.

No seguimento da programación teránse en conta os seguintes indicadores:

- O grao de cumprimento da temporalización ó longo do curso, podendo variarse a temporalización por trimestres segundo a adecuación dos contidos ó alumnado.
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados.

As tarefas prácticas de cada unidade didáctica, poden ser realizadas nun trimestre distinto a súa impartición, ou noutro momento da programación, debido ás condicións climáticas, á época idónea de realización desa práctica, ou debido á dispoñibilidade de material necesario para facer esa práctica por parte do centro, ou polas dificultades do alumnado, ou calquera outra causa educativa que se poida presentar.

Comprende a avaliación da propia programación que é susceptible de adaptacións sempre que as circunstancias o requiran e da actuación do profesor. Implica por parte do profesor un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación e o sue sistema de ensinanza, co fin de introducir medidas de mellora no proceso.

Cando finalice cada unidade didáctica o profesor recollerá nun arquivo as modificacións ou observacións da adecuación entre o planificado e o realmente levado a cabo (tipo de actividade ensino-aprendizaxe, tempo).

Trimestralmente analizarase o desenvolvemento da programación en relación os resultados obtidos polos alumnos.

Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificacións para o seguinte curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que superen o 10% de faltas inustificadas terán perda do dereito a avaliación continua, según a normativa vixente. Para eles se fará unha proba onde se inclúan todos os criterios de avaliación, e os mínimos esixibles para cada CA, así como os instrumentos de avaliación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial.

Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento de temporización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Para a avaliación da práctica docente se recabará información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos a docencia, a forma de traballar na aula, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento da programación farase polo dpto agraria cunha periodicidade mensual. Así mesmo a profesora fará o seguimento da mesma para así detectar e correxir desviacións respecto do planificado a comezos de curso.

O rematar cada unidade didáctica revisaranse: Resultados de aprendizaxe, contidos, actividades programadas e criterios de avaliación, para comprobar o grao de cumprimento e os posibles cambios a facer con vistas ao próximo curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Según normativa vixente, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.

Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Ao comenzo do curso entregaselle ó alumno/a un cuestionario para coñecer o seu nivel previo de coñecemento sobre contidos xerais do módulo.

Poderanse realizar adaptacións según as necesidades dos alumnos, previa consulta o Departamento.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No proceso de ensinanza aprendizaxe poden xurdir dificultades, para subsanalas tomaremos as seguintes medidas:

- Avaliación inicial, a través da cal coñeceremos o nivel de coñecemento dos alumnos.
- O diálogo profesor - alumno debe ser continuo ao fin de posibilitar a adaptación de determinadas actividades ó nivel de coñecementos previos de cada alumno/a.
- Estableceránse secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Deseñaranse actividades de ensino - aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Fomentarase o traballo en grupo e axuda entre compañeiros.
- Consideraranse diferentes tempos para a realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

En cada unidade didáctica incluíránse aspectos relacionados coa educación en valores.

A temática a abordar serán sobre o seguinte:

- Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Respeto e sensibilización polo medio ambiente.
- Igualdade e respecto polas minorías étnicas.
- Educación para a igualdade e non discriminación.
- Educación para a saúde.
- Educación ética; fomentarase o respecto polas opinións de todos e a adopción dunha actividade aberta e crítica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Inspección (Proxecto Ríos) do río Sarela, con ADEGA
- Exposición de especies invasoras, facilitada por ADEGA.
- Visita ao Complexo Medioambiental de tratamento de residuos do Barbanza en Lousame ou a SOGAMA.
- Visita á aula da natureza "Siradella" no Grove.
- Visita formativa á Serra do Candán.

10. Outros apartados

10.1) Recursos didácticos

O material empregado para o desenvolvemento das clases será diverso dependendo da Unidade Didáctica correspondente, o cal foi especificado en cada U.D., pero de forma xeral serán os seguintes:

- Libros de texto .
- Pizarra, retroproyector, ordenador e canón electrónico.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación .

Os alumnos deberán vir provistos do seguinte material:

- Caderno de traballo/archivador.
- Material para escritura (bolígrafo, lapis, goma de borrado, .
- Memoria USB, para almacenar e dispor de copia de seguridade do traballo realizado na aula.

10.2) Comunicación

Co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade e de acordo ao punto 4 do artigo 23 da Orde de 12 de xullo de 2011, comunicáraselle verbalmente, que a programación didáctica está exposta ao público na aula e na páxina web do CIFP Santiago.